

Máis Xabarín

VICTOR IGLESIAS VIQUEIRA

O CARALLO NA BOCA

Acontece a novidade; no Golfiño. O Ferreiro deulle a man ao crego e felicítoulle o Nadal. Seica o cura aceptou como bo o rachamento das hosti(a)lidades, pero non para non falar dilo. Emporiso, Pereira, a quen llo contaran, non estaba afeito a pasalo por alto:

- Logo, reverendo, ¿fixechedes as paces?
- Cala cala. Non pasa de ser unha andrómene.
- Ti o que es é un resentido. Has de confesar.
- Bo, bo, bo... si te calaras.

Sae o crego á beirarrúa. Nisto chega Pepe Bigotes e ponse a falar con Pereira, sen senso. Ao cabo xurde o carallo de sempre e, nese intre, volve o crego:

- Sempre estades co carallo na boca.

Pereira di que non o fan por foder, senón por que é un xeito de falar, mal falado, aínda que abondoso: os que xogan cos dardos, o que botan pola televisión, ao que lle chegou o recibo da luz, ao que lle cobraron non sei que... por non sei canto... E o cura salmodia, dirixíndose a Pepe:

- Eu non teño a culpa de que sexas un maleducado.

E Bigotes, primeiro resposta que o cura é da terra dos carteiristas e, para rematar:

- E eu non a teño de que ti sexas medio portugués.

Pereira fai aparato de que parece mentira, entre xente amigable, el no medio. E o crego manda ao carallo a ámbolos dous e pide un café con leite, apegado aos liantes, por se hai que rifar algo máis. No trato, mángalle un pito a Pereira e colle lume do chisqueiro do Bigotes, quen se alporiza de coña:

- ¡Hai que carallo!

O corvo sorri coma una hiena cara aos retretes. Volta e Bigotes anda ao seu, a repasar o xornal para que non o colla o cura, que, cando non miras, lévase a páxina das palabras cruzadas e, por non facer selección, tres máis. O cura está a sorber o resto do café. E vai Pereira:

— ¿E por que non lle botas unha pinga, xa que din que es borracho? Aproveita, que é doado.

— ¿Quen o di?

— Algún maricón.

— ¿Da freguesía?

E intervén Pepe Bigotes:

— No che diría que non.

E Pereira retrúcalle:

— Ti non te metas, que es dun lado de Ourense, e resolvo por min.

O crego remata mandándoos ao carallo, que ten un cabodano en Oia e poucas ganas de aturar.

Cando o crego está fora, Pepe Bigotes e Pereira devólvenlle a delicadeza peca-denta. E, polo espello, semella que o reverendo ergue un dedo, xa no coche.

Pereira xa rematou a cervexa, Pepe Bigotes ten a cachola agochada baixo a gorra, botan carallos a local aberto. Pereira, sen se despedir, vaia cara o taller do Ferreiro que, de véspera, ten un rato aguaneiro na gaiola, unha beleza de bicho do que fai zoo e agora chamado a morrer. Cachú é partidario de empregar o electrodo. Máis o Ferreiro amola unha barilla do 14, apunta entre os arames, arrímaa a caluga do rato e foise o becho.

Todo isto con Bisladen atento por se ten que completar a faena. Todo isto a carón da lareira, onde ferve o lacón con guinchos do plantío da zona verde que imos xantar. Pereira lava vasos, Negreira dispón os pratos, Cachús di que vai pola muller; Adela, por pan... Veñen co conto dun portal e Ferreiro di que non está.

Afora, as garzas fan parada na marisma, a xente camiña polo paseo, Pereira cágase en tanta merda de can ca que se convive e Ferreiro mándao a adega, por viño de palanca, sen carimbo, que ti ben sabes, cabrón.

FILLOS DE PORTA ABERTA

A conta do que sexa, Ferreiro, pasa por riba do volume da televisión e fala dos fillos de porta aberta. Pereira, que cala mentres xanta unha pata de cáncano, pon a orela. Resulta que son dous paisanos, tío e sobriño..., nados pola mesma cona, máis non froito do mesmo carallo. Fai festa de que semellan ser irmáns e do ben que se levan. Ferreiro non quer falar do cura, que rexeitou o pago do café:

— Tamén ti, no cabodano de teu pai, puxécheste a picar na pedra...e non fuches á misa - di Pereira, por se cadra.

— E que é encargo dun cura señor, pecadento coma un home. Nun San Martiño como Deus manda. Non me fodas, Pereira.

— O coma dispón don Manuel, o crego que non mira ben ao titular da túa parroquia.

— O conto é que ten que levar o caxato na dereita, que o santo é desa política, non o modelo portugués.

Bate co cura. Ía Panxón polo mercadiño dos luns e topou co párroco e de seguida uniuse Bisladen. E Panxón dixo:

— E o can do Ferreiro.

E o crego detén o andar chepudo e solta:

— E mellor o can que o dono.

Logo co sabe, Ferreiro berra coma cheo de razón. E Pereira métea:

— Ti máis o cura queriades un par de hostias. ¿A quen carallo lle importa a auga da fonte, que mexe ou que sufra de atranco de billa?

— Dende logo que a tes tomada co corvo. Cámbiocho polo meu de Pontareas –intervén Xosema.

Xosema fora perruqueiro en Baiona, vive na vila do Tea, e dedícase a carpintería de barcos. Os domingos ten o cargo de rapar aos concorrentes, ben asistido do material preciso. Na faena, podes fumar e fungar. As dúas en punto, estilo militar, é o xantar falte que non chegue a tempo.

A nai de Ferreiro anda a raspillar na cuncha da vieira cos ollos de mirar pouco e o fillo, desbótaa de mala maneira e ponlle outra. Hai carneiro de segundo. O seguinte colle a mellor tallada que deixou o outro e hai cruce de olladas. Horacio, o que fóra sancristán de Borreiros, entre sono e sono, agarda polo café cunha pinga de augardente.

A velliña ven de rematar as sopas no prebe, xa que logo venlle o café...e a pinga, coma quen non se da de conta. Funga a lareira, que ten bo tiro. E veñen as lambe-tadas: orella, boleardo...

Fala Pereira:

— Pois, mira ti, Ferreiro, que Bisladen vai polo mercadiño dos luns mexando nos postos de pantalóns dos peruáns e Morita, nos bolsos dos chineses. Fillo e nai o mesmo co finado do Orelludo, que mexaba nas plantas a venda. E ti, Ferreiro, que nin te enterar queres.

— Que vaian a tomar polo...., resposta o Ferreiro, que xa prendeu o xaruto e recunca cas herbas.

Mentres dispónse a traballar na pedra, por rematar o león, que xa lle está a tocar no carallo e quere escomenzar ca obra do mestre don Xulián, que ti, Pereira, e máis eu imos ir ao Cortelliño a escoller a rocha. Ten que ser un domingo, ca botella de viño por diante.

Pereira di que si, coma sempre, e sempre é coma di. Seica que baixe e fano segundo costume.

Pasada polo Golfiño, nunha sorte de rutina, e por ver si se atopa co crego. Achégase o talibán, fala co xornalista de cuestións filosófico-escarallantes. O crego

segue a tomar café con leite e a sacarlle o pito a Pereira. Logo abre con cerimonia o moedeiro no xeito de pagar tamén o viño de Pereira:

- Andaches a rabuñar nos cepillos. Só tes perraschicas. Tes que confesar.
- Ti, mentireiro, volta á corte.
- E ti, vaite misar, vai co teu Xefe.
- Déixote ca parte de El que lle corresponde.

LAGARTOS TAXISTAS

No Golfiño, Pereira pide un viño e Maquíás, que ven ca teima das que lle fixeron os gardas locais máis a Benemérita, di:

- A min posme outro semellante. Aínda que tinto.

Anda por alí Pepe Bigotes, que xa estivera de mañá, e non remata de ler o xornal, de diante para atrás. Lito, os beizos cheos de borra do Barrantes, volve ao mesmo dos lagartos:

- En canto pague a última multa, escríbesme todo ben contadiño, que a ti non che pasa nada.

Pepe sorri polo bigote abaixo e Pereira asinte ao estilo de Cunqueiro:

- Xa está feito.

O xornalista amaña unha presentación de libro que tiña esquecida e vaise hasta que escampe, se é o caso.

O caso é que Pereira perdeuse o directo do conto, con Maquíás vertendo tinto e Pepe seguíndolle as pegadas. Nos intres de claridade, Lito deixaba caer o da liña para iren a Nigrán e Pepe dicía que non podía levalo porque ía calcado e os lagartos estaban na rotonda da ponte.

Pero buscoulle solución:

- Tí bótaste na beirarrúa e un chamo aos lagartos porque hai un home dese xeito que non sabemos quen é.

Lito saca a carteira chea de papeis de toda caste e atopa o número do cuartel. Chamou, quen chamou:

- E ti, Maquíás, téndete no chan xa que logo.

Faino Lito. Mais, coma os lagartos non chegan axiña, érguese de cando en vez:

- ¿Veñen ou non?
- Non te movas.
- Pois arrímame a cunca.

Lito senta na pedra e Pepe vixía. Ata que de alí a media hora chega a patrulla. Lito no chan e a cunca fora do escenario.

- ¿Que tes?

— Eu, autoridade, non lle sei. Debeume sentar mal un refresco que tomei hai un ano.

— Logo, ¿chamamos á ambulancia?

— Non. De maneira ningunha.

Falan nun aparte os gardas. Interrogan ao Bigotes, que non coñece de nada a Maquías, e póneno en pe para levalo a casa:

— Pero ti es...

— De certo. E bo ter amigos en tódalas partes.

— Veña, que te levamos a casa. E aforras o taxi.

O coche-patrulla non preguntou pola ruta.

Xa de camiño, Maquías aos tombos coma saco de patacas, advirte:

Non é que estea sorrindo, senón que me quedou así a faciana de bicar a beirarrúa.

Os axentes meten ao pasaxeiro na súa finca, empuxando igual ca unha vaca. Vanse e Lito, debaixo da maceira, agarda hasta que ten o campo baleiro. E volve a saír, para rematar a borracheira.

Corre a lenda de que ninguén quer ser detido polo fedor que quedou no coche-patrulla Maquías di que se cale a xogada e fala do “floreense” (forense) e máis do “piscolóxico”, a quen volveu tolos de respostar ao contrario.

— ¿Que cor é esta (verde)?

— Vermello

E claro que é “saltónico”.

PILI NON AS PENZA OU SI

Non é que Pili sexa parva, senón que non vai de acordo coa xente. Ten un fillo miúdo que a chama pola fiestra, que quer xantar, canda está a falar na rúa, e ela mándao ao carallo. Parva a coitadiña de aparentar, lista coma un allo cando hai que poñer as cousas no seu sitio. Ela tivo marido e seica que agora ten outro, que fai as veces de noivo, tamén un pouco tocado do testo, con quen organiza un espectáculo de bicos que non sei si dicirche que da pena ou gloria.

Pili non ten horas desas axeitadas ao común dos humanos. Sae cando lle peta, a súa faciana de mirar revirado coma unha vaca marela, vai para alá, cara o bar, e toma un café que, as veces paga, ou ven logo o seu pai a abonar as contas do percorrido, onde se aopta con chupitos de licor dabondo. Ela ten a teima cambiante de ser hoxe monxa e, mañá, puta, pero cobrando, que ela éche moi lista. E acompaña a afirmación coa risa tonta, que lle perde a baba polo beizo esquerdo, coma de caracol que se che sube ás barbas.

O de sempre é que queren violala e non se perde en chamar a Garda Civil para montar o escándalo de mozos e vellos que non saben de qué vai o asunto. E volta

a chamar a Garda Civil que xa non acude. Xa que logo, métese en outra: pon un anuncio no xornal, deixa o móbil e que lle encarguen lavadoras ou trato sexual. Ofrécese de secretaria con idiomas, e non lle chama ninguén. Pero chama ela para obter resposta a semellante currículo.

Se che colle por banda, aturas. Ela ten a idea de matar ao seu anterior home e casar co de agora. Logo, mata a ámbolos dous e (ghi, ghii), xa ten dúas pensións. Porque tentou, non seu desvaríos, ser enfermeira, presidenta da comunidade autónoma... Esta última posibilidade ao través dunha estudiada estratexia: cun par de quiquis acababa coa vida do titular e ela ocupaba a cadeira..., con todo o dereito.

Recentemente, xa non quer ser monxa, aínda que non abandonou o de puta. Deste xeito, está na procura, de cobrar os anos que, segundo ela, exerceu na rúa sen papeis, o que tenta de arranxar porque, seguro, aí hai pelas. O de monxa, tíñao falado cunhas de clausura que, con tanta baixa, faríanlle un oco. Pero, xa dicimos que, nestes intras, seméllalle pouco rendible o trato..., cando pensa en ser herdeira por varios canles.

Pili amosa un camiñar de foca que andara así pola beirarrúa, en troques do témpano xeado. E unha mirada, mestura de vaca e de boi marelos, aínda que faga concesións, como ao descoido, á ollada lo lagarto arnal. Os seus ollíños, un pouco tortos, son da cor do caldo ben feito, do de sempre, aquel que trae conta.

Ven Pili ca teima de cobrar atrasos de súa vida rueira non esquecida e, ca falca-truada, di: “Cubro os atrasos e, coma non os declaro...” E de ti, para min: “Eu págoche, se queres, cun calambrito. E déixoche a conta o café, que non traio solto”. E remata, xa que logo, con folgos para volver ao mesmo: “Tola, si; tonta, non”.